

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

- 7962** *Corrección de erros do Real decreto 1036/2017, do 15 de decembro, polo que se regula a utilización civil das aeronaves pilotadas por control remoto, e se modifican o Real decreto 552/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolve o Regulamento do aire e disposicións operativas comúns para os servizos e procedementos de navegación aérea, e o Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea.*

Advertidos erros no Real decreto 1036/2017, do 15 de decembro, polo que se regula a utilización civil das aeronaves pilotadas por control remoto, e se modifican o Real decreto 552/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolve o Regulamento do aire e disposicións operativas comúns para os servizos e procedementos de navegación aérea, e o Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 316, do 29 de decembro de 2017, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 23, número 3 do artigo 40, primeiro parágrafo, onde di: «... operacións especiais alén do alcance visual...», debe dicir: «... operacións aéreas especializadas alén do alcance visual...».

Na páxina 28, número 2 do artigo 23 bis, onde di: «... artigo 5 do Real decreto (...), polo que se regula a utilización civil das aeronaves pilotadas por control remoto (RPA), no que resulten aplicables...», debe dicir: «... artigo 5 do Real decreto 1036/2017, do 15 de decembro, polo que se regula a utilización civil das aeronaves pilotadas por control remoto, e se modifican o Real decreto 552/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolve o Regulamento do aire e disposicións operativas comúns para os servizos e procedementos de navegación aérea, e o Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, no que resulten aplicables...».

Na páxina 29, número 7 do artigo 23 ter, onde di: «... aplicación do Real decreto (...) [polo que se regula a utilización civil das aeronaves pilotadas por control remoto (RPA)], ademais...», debe dicir: «... aplicación do Real decreto 1036/2017, do 15 de decembro, polo que se regula a utilización civil das aeronaves pilotadas por control remoto, e se modifican o Real decreto 552/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolve o Regulamento do aire e disposicións operativas comúns para os servizos e procedementos de navegación aérea, e o Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, ademais...».